



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias marzo 2022

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de marzo do ano 2022 acadou a cifra de 1.028.457 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de febreiro de 2022 de 2.311 afiliacións (0,23%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.834.504, rexistrando un aumento do 0,71% con respecto ao pasado mes de febreiro.

Na comparativa interanual (marzo de 2022 con marzo de 2021) obsérvase un aumento de 29.724 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,98%) e un aumento do 4,83% (913.602 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de febreiro de 2022, rexístrase unha subida das afiliacións en dezaseis comunidades autónomas, destacando Illes Balears (5,53%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias, Comunitat Valenciana, Madrid e Castilla La Mancha con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2022	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.834.504	140.232	0,71	913.602	4,83
Galicia	1.028.457	2.311	0,23	29.724	2,98
Andalucía	3.246.442	25.088	0,78	149.403	4,82
Aragón	585.162	1.008	0,17	21.272	3,77
Asturias	368.780	1.152	0,31	10.978	3,07
Illes Balears	467.320	24.506	5,53	47.822	11,40
Canarias	833.823	10.186	1,24	61.948	8,03
Cantabria	220.856	1.415	0,64	6.014	2,80
Castilla La Mancha	741.397	1.730	0,23	35.528	5,03
Castilla y León	926.195	2.713	0,29	26.600	2,96
Cataluña	3.529.683	25.922	0,74	153.546	4,55
Comunitat Valenciana	2.012.472	14.862	0,74	119.593	6,32
Extremadura	398.300	-21	-0,01	11.351	2,93
Madrid	3.396.598	19.022	0,56	174.087	5,40
Murcia	623.440	4.003	0,65	24.505	4,09
Navarra	295.627	1.146	0,39	9.712	3,40
País Vasco	980.808	4.734	0,48	25.748	2,70
La Rioja	132.322	275	0,21	4.774	3,74
Ceuta e Melilla	46.820	181	0,39	995	2,17

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,59%, o que supón 15.401 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,57%), Lugo (2,42%) e, por último, Ourense (2,41).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de marzo con respecto ás do mes de febreiro, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,23%. A Coruña presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 0,54%, seguida de Lugo (0,17%) e Ourense (0,12%). Pontevedra é a única provincia na que diminúen, cunha taxa de variación intermensual do -0,11%.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2022	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	444.204	2.373	0,54	15.401	3,59
LUGO	122.090	210	0,17	2.884	2,42
OURENSE	102.942	127	0,12	2.426	2,41
PONTEVEDRA	359.222	-400	-0,11	9.013	2,57
GALICIA	1.028.457	2.311	0,23	29.724	2,98
ESPAÑA	19.834.504	140.232	0,71	913.602	4,83


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,86% das afiliacións galegas en marzo de 2022, aumentaron un 0,25% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 3,89%. En España estas taxas foron do 0,81% con respecto a febreiro de 2022 e do 5,57% en relación ao mes de marzo de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,17%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (0,84%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,51%) a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,06%. Para este réxime e con respecto ao mes de febreiro de 2022, baixan Lugo e Pontevedra e soben Ourense e A Coruña, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,01%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,40% e intermensual do 0,24%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a marzo de 2021, caen Pontevedra (-2,28%) e A Coruña (-1,44%) e sube Lugo (0,24%). A taxa galega acaba entón o -1,86%, inferior á de España (-0,45%). Con respecto a febreiro de 2022, A Coruña e Pontevedra presentan un aumento do 4,34% e 1,01% respectivamente, mentres que Lugo presenta unha baixada do 0,03%. A taxa galega amosa un incremento do 1,87% con respecto a febreiro de 2022. A taxa nacional é do 1,51%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA MARZO 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	444.204	0,54	3,59
LUGO	122.090	0,17	2,42
OURENSE	102.942	0,12	2,41
PONTEVEDRA	359.222	-0,11	2,57
GALICIA	1.028.457	0,23	2,98
ESPAÑA	19.834.504	0,71	4,83
R. XERAL			
A CORUÑA	353.805	0,59	4,52
LUGO	88.118	0,28	3,99
OURENSE	79.787	0,14	3,30
PONTEVEDRA	279.041	-0,17	3,24
GALICIA	800.752	0,25	3,89
ESPAÑA	16.449.575	0,81	5,57
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.678	0,06	0,22
LUGO	32.524	-0,10	-1,51
OURENSE	23.154	0,06	-0,52
PONTEVEDRA	67.569	-0,08	0,84
GALICIA	207.926	-0,01	0,06
ESPAÑA	3.323.536	0,24	1,40
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.720	4,34	-1,44
LUGO	1.447	-0,03	0,24
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.612	1,01	-2,28
GALICIA	19.780	1,87	-1,86
ESPAÑA	60.400	1,51	-0,45

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>